



NORMAS DA “ANDAINA DOS TÚNELES DE CULLEREDO 2023”

Andaina o día 24 de setembro do 2023, en Orro - Culleredo

Proba 25 KM da I Liga Xunta de Galicia de Sendeirismo da FGM, así como na Liga Ibérica da FEDME.

Esta proba está Organizada polo Club Agrupación Deportiva e Tempo Libre A Pedrosa coa colaboración do Concello de Culleredo.

Xunto coa entrega do dorsal entregarase unha tarxeta que terá que presentarse nas zonas de control de paso para ser marcada en cada zona.

Ao final da proba, no paso por meta terase que entregar tanto o dorsal como a tarxeta e recoller o vale para a comida.

O dorsal terá que levarse á vista durante toda a proba.

Será obrigatorio levar unha lanterna ou frontal (non vale a luz do tlfno. móbil).

Terase que levar botella ou outro recipiente para os líquidos dos puntos de avituallamento.

O material sólido dos puntos de avituallamento non se poderá sacar destes puntos si están envoltos (barras enerxética, bocadillos, etc...) así como as froitas con mondas (laranxa, sandía, plátano, etc..), estes terán que ser consumidos na zona de Avituallamento.

O abandono de participantes terá que ser nos puntos de avituallamento.

En caso de accidentes terase que chamar ao nº de tlfno. que estará na tarxeta que se entrega xunto co dorsal, ademais deberase mandar aviso por outros participantes ao punto próximo de avituallamento.

Os participantes que non teñan as tarxetas cubertas á chegada á meta serán descalificados.

Tamén serán descalificados os que perdan a tarxeta de control de paso.

Así como os participantes que estean anotados a unha proba e fagan outra.

E tamén aqueles que non fagan caso ás indicacións dos organizadores ou voluntarios.